



CONCELLO DE CALDAS DE REIS
RÚA FERRERÍA, 1
36650 CALDAS DE REIS
PONTEVEDRA

cp

Clave: DH.W36.41991

Asunto: Autorización de obras para construción de dúas pozas para augas termais na zona de policía do río Umia, no lugar da finca da Tafona, no concello de Caldas de Reis (Pontevedra)

Solicitante: Concello de Caldas de Reis

Remítolle a resolución de data 2 de maio de 2014, da dirección de Augas de Galicia relativa ó expediente indicado no encabezamento, para o seu coñecemento e para os efectos que proceda.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpor un **recurso de alzada**, ante a presidencia de Augas de Galicia, no prazo **dun (1) mes** a contar dende o día seguinte á súa notificación, de conformidade cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), modificada pola Lei 4/1999.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2014

A xefa de Negociado


M. Carmen Pena Duro



DH.W36.41991

De acordo con todo o exposto, o xefe do servizo territorial **PROPÓN**

AUTORIZAR ao Concello de Caldas de Reis con DNI: P3600500G, para execución de obras para construción de 2 pozas para augas termais en zona de policía do río Umia, no lugar da finca da Tafona, no Concello de Caldas de Reis (Pontevedra).

Esta autorización axustarase ó cumprimento das seguintes **condicións**:

Xerais

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
2. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, e serán pola conta do beneficiario as remuneracións e os gastos que por eses conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como, en xeral, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións